



## O CONCELLO INFORMA

Convócase proceso de selección para cubrir 2 postos de oficial de segunda albanel a xornada parcial (5 horas/día) durante 4 meses e medio, 2 postos de oficial de segunda xardineiro/a a xornada parcial (5 horas/día) durante 5 meses e 1 operario/a de servizos varios-axudante RSU a xornada completa durante 2 meses e medio, subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña a través do Programa de Integración Laboral PEL-CONCELLOS mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2022 (expedientes SUBTEL 2022000006898 e TEDEC 2022/A008/000012).

**As bases que rexerán o proceso de selección, mediante oferta na oficina de emprego correspondente, estarán publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello, a partir da publicación de anuncio no BOP da provincia de A Coruña.**

Requisitos para acceder ao posto:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumplidos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.
- d) Habilitación: non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante (Anexo III), que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).
- e) **Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego como desempregado/a na oficina de emprego correspondente.**
- f) Segundo o apartado 4.2 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral (BOP núm. 18 do 27 de xaneiro de 2022) estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria, e atoparse nalgúnha das seguintes situacións de exclusión laboral:
  - **Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior a dos homes.**
  - **Maiores de 45 anos.**
  - **Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que levan un mínimo de 1 ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.**
  - **Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.**
  - **Persoas en situación de drogodependencia.**
  - **Persoas que viven nun fogar onde ninguén teña emprego.**
  - **Persoas con fogar monoparental.**
  - **Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.**
  - **Persoas vítimas de violencia de xénero.**
  - **Persoas sen fogar.**

As persoas aspirantes presentarán declaracóns xuradas (anexos I e II) de cumprimento de requisitos legais e de pertenza ao colectivo ou colectivos establecidos pola convocatoria. No caso de saír como titular para a contratación deberá acreditar documentalmente mediante documento orixinal ou copia cotexada ao colectivo ou colectivos aos que pertence, no prazo máximo de 2 días a contar desde o mesmo día que sae publicada a listaxe definitiva, nas dependencias municipais. De non acreditarse axeitadamente non se procederá á contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

As persoas aspirantes serán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago, que remitirá lista provisional, previa oferta presentada por esta entidade, motivo polo cal as persoas que cumpran algunha das situacóns de exclusión laboral sinaladas no parágrafo anterior, deberán estar inscritas como demandantes de emprego, nalgún dos postos que se ofertan.

Máis información na oficina da técnica local de emprego do concello, en horario de oficina de 9.00 a 14.00 horas de martes a venres.

Vedra, na data de sinatura dixital que figura na marxe